

Comisión de Divulgación do CITMAGA**Acta da reunión ordinaria celebrada o 7 de outubro de 2024****Membros presentes:**

Dna. Marta Pérez Rodríguez
Dna. María Isabel Borrajo García
D. Miguel Picos Maiztegui
Dna. Laura López Paz
D. Miguel Brozos Vázquez

Orde do día

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.
2. Informes do presidente.
3. Convocatorias Fecyt.
4. Calendario de actividades.
5. Rolda aberta de intervencións.

Iníciase a sesión ás 11:00 horas do día 7 de outubro de 2024, baixo a presidencia de Miguel Brozos, de forma virtual a través de MS Teams e actuando como secretaria Laura López Paz.

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.

Apróbase a acta da reunión anterior da Comisión de Divulgación do CITMAGA.

2. Informes do presidente.

- Valoración positiva da G-NIGHT 2024, onde dende o CITMAGA amplíamos o número de actividades levadas a cabo e persoal investigador implicado.
- Valoración positiva da presenza do persoal investigador do CITMAGA en Feiras Científicas como Ponteciencia e Cullerciencia.
- Tamén se recoñece o traballo realizado polas candidaturas presentadas aos Premios Prismas 2024, que non resultaron elixidos, e nos alegramos polo Premio RAGC de Divulgación Científica 2024 outorgado á investigadora vinculada do CITMAGA da Universidade de Santiago de Compostela (USC), M. Elena Vázquez Abal, a través do seu recoñecemento por parte da Real Academia Galega de Ciencias (RAGC).
- Ademais, no mes de novembro do ano 2024 finalizará o proxecto *Consultorio VídeoMatemático*, que conta coa colaboración da Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología – Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades. O día 8 de novembro terá lugar o acto de entrega de premios na Domus.

3. Convocatorias Fecyt.

- Ata finais do mes de outubro do ano 2024 estará aberta a Convocatoria de axudas para o fomento da cultura científica da Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología, F.S.P. (FECYT). Pódense presentar diferentes tipos de propostas e dende o CITMAGA daremos o apoio oportuno ás solicitudes que queiran formar parte desta competencia.

4. Calendario de actividades.

- Preténdese manter unhas actividades fixas no ano, que sirvan como referente para actividades de divulgación, mentres se exploran outras posibilidades en actividades que se van probando.
- Discútese a necesidade de involucrar a máis persoal do centro en actividades de divulgación, salientando o papel de algún persoal vinculado con experiencia en actividades de divulgación. Saliéntase a necesidade de traballar neste aspecto.
- Indícase o CULTURGAL 2024 (Pontevedra, 01/03-12-2024) como obxectivo. Estarase pendentes para valorar a posible participación.

5. Rolda aberta de intervencións.

- Valoramos crear na páxina web un formulario de contacto onde as institucións e colexios poidan contactarnos directamente.
- Valoramos crear un listado de asociacións ás que podemos contactar para darnos a coñecer e así poder ofrecer charlas e obradoiros matemáticos nas súas institucións.
- Saliéntase o papel das redes para reforzar a divulgación da oferta de actividades.

Acordos adoptados:

- Mellora do apartado da páxina web onde se ofertan as actividades de divulgación, tratando de dar unhas instrucións claras e cómodas que faciliten a solicitude de actividades. Paralelamente, potenciación do papel das redes sociais.
- Seguimento do calendario de actividades de divulgación científica que se levarán a cabo nas vindeiras semanas.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12:15 horas, do que como secretaria dou fe, e asino a presente acta.

Laura López Paz
Secretaria da Comisión de Divulgación de CITMAGA